

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 82/2017**

[REDACTED]

ASUNTO: Acordo da Comisión da Transparencia de Galicia sobre a reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 23 de agosto de 2017 á Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de agosto de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información dirixida ao xefe do servizo de enerxía e minas de Lugo (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

O escrito viña acompañado de copia da solicitude (relativa á explotación mineira D Isidro nº 6043, en Triacastela; copia íntegra dos proxectos de explotación da referida explotación mineira; copia íntegra do plan de restauración da explotación; copia íntegra dos planos anuais de labores dos últimos 10 anos; copia íntegra dos informes ambientais que recollen as labores de restauración levadas a cabo anualmente e o grao de cumprimento do plan de restauración ao longo dos últimos 10 anos), con entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia o 12-7-17.

A solicitude presentouse ao abeiro da lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O recurso sinala que non se deu resposta.

Segundo. O 5 de setembro déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegara informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta recibido o 11 de setembro.

Terceiro. Non se recibiu o informe e o expediente. Transcorrido o prazo continúaase o curso do procedemento sen ambas cousas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (estatal), e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro (galega), xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O art. 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O art. 28.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do art. 24 da lei 19/2013, de 9 de decembro. trátase dunha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa. Se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito

de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro (básica).

Tanto o concepto de información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

A lei 19/2013, de 9 de decembro, ten por obxecto “ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública” e “regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade” (art. 1). No seu preámbulo sinala que “a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

A Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, sinala na súa Exposición de Motivos que “a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións” aconsella a aprobación do texto, e resalta a superación dos anteriores estándares (“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para interpoñer o recurso

O art. 24.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a reclamación se interporá no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado. Non se deu resposta expresa no prazo para resolver nin antes do recurso, polo que a reclamación contra o acto presunto (desestimación por silencio negativo, art. 27.5 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro) debe considerarse en prazo.

Quinto. Análise xeral

A solicitude reclama información sobre a explotación mineira D Isidro nº 6043, en Triacastela; copia íntegra dos proxectos de explotación da referida explotación mineira; copia íntegra do plan de restauración da explotación; copia íntegra dos planos anuais de labores dos últimos 10 anos; copia íntegra dos informes ambientais que recollen as labores de restauración levadas a cabo anualmente e o grao de cumprimento do plan de restauración ao longo dos últimos 10 anos.

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, ten por obxecto acceder á información ambiental que obre en poder das administracións públicas, participar nos procedementos de toma de decisións que inciden no medio ambiente e instar a revisión administrativa e xudicial de actos ou omisións da normativa ambiental.

As Leis 19/2013, do 9 de decembro, e 1/2016 do 18 de xaneiro, teñen por finalidade dar acceso aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obre en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

A solicitude se refire á copia do expediente relativo á unha concesión, deste tipo de expedientes só sabese que afectan a unha concesión integrada nas competencias existentes na consellería á que se lle require a información.

A administración non ten facilitado no expediente ningún dato, sobre os dereitos en si, sobre os datos que poden dar lugar a unha especial protección ou sobre a existencia de información que afecte á propiedade intelectual ou industrial; tampouco da información sobre se estes concretos expedientes afectan á protección do medio ambiente.

Se a administración consideraba que a petición era pouco clara ao recibila debeulle solicitar de acordo co artigo 19.2 da Lei 19/2013 que a identificase correctamente, ou cando menos que debía facer dúas peticións unha para a información ambiental seguindo o trámite da Lei 27/2006, do 18 de xullo, e outra de acordo coa lei 19/2013, do 9 de decembro. Pero en todo caso, so pode denegar a información ponderando os límites dos artigos 14 e 15 ou motivando a existencia dunha causa de inadmisión do artigo 18 da Lei 19/2013, e artigos correspondentes da lei 27/2006, do 18 de xullo. Pero non o fixo.

O recorrente solicitou á copia dos proxectos de explotación da mina, do plan de restauración, dos planos anuais de labores dos últimos 10 anos e dos informes ambientais que recollen as labores de restauración levadas a cabo e o grao de cumprimento do plan de restauración ao longo dos últimos 10 anos.

Reclamouse á consellería que aportara o expediente do procedemento de solicitude de información pública e un informe sobre a cuestión, pero non se recibiu, polo que debe entenderse que non desexa informar e/ou alegar.

A información solicitada ten contidos diferentes aos efectos do interese público no seu acceso.

Os documentos xerados pola consellería (informes, resolucións, acordos...) raramente veranse afectados (minimamente) polos límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de

decembro, polo que deberían terse entregado coas dissociacións imprescindibles (acceso parcial, art. 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro).

Os documentos aportados pola entidade promotora poden conter aspectos nos que se xustifique a limitación e en algún caso a denegación da publicidade. Pero para a aplicación dos límites legais ao acceso non é suficiente que o solicitado se inclúa nun ámbito material mencionado como límite. Debe prexudicar o ben xurídico protexido co límite (“... *cando acceder á información supoña un prexuízo para*” os ámbitos materiais mencionados como límites, art. 14 da Lei 19/2013, de 9 de decembro); debe realizarse unha ponderación, de forma estrita e suficientemente motivada; e debe avaliarse a posible prevalencia do interese público (mesmo do privado) no acceso aínda no caso de prexuízo comprobado para o límite. “*A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso* (art. 14.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro).

As restricións ao acceso -aínda dentro do campo obxectivo dos límites- non se aplican automaticamente, senón que debe facerse a ponderación indicada e xustificarse. O prexuízo debe concorrer en concreto, non de forma xenérica, e no caso de confirmarse ese prexuízo debe indicarse a que parte da información afecta (non pode estenderse á totalidade do pedido de forma automática). Debe expresarse como se fixo a ponderación e tamén a causa pola que non prevalece o interese público ou privado en favor do acceso. Esta tarefa realízase a través do test do dano (aos ámbitos materiais cualificados como posibles límites) e do test do interese (posible prevalencia do interese do acceso). Unha vez realizados de forma sucesiva poden entenderse ponderados todos os aspectos a ter en conta. A avaliación debe constar na motivación do resolto.

Ademais, non todos os documentos aportados pola empresa poden considerarse afectados por límites, senón que moitos deben ser accesibles por conformar parte das condicións dos permisos ou doutros controis públicos e encaixar no concepto legal de información pública (art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). De feito, xa antes da aprobación da actual normativa de transparencia determinados proxectos e documentos empresariais eran (e seguen sendo) obxecto de consulta pública (información pública, por interese...). E debe terse en conta que a normativa de transparencia supón unha ampliación do anterior concepto de información pública, o recoñecemento dun dereito subxectivo para o seu acceso e un maior control e garantía da súa efectividade.

Os proxectos de explotación e os planos anuais de labores son documentos da entidade titular aportados á administración para definir o desenvolvemento da explotación. Respecto deles debe estudarse a aplicación en concreto dos límites previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, na forma xa indicada.

Os plans de restauración refírense a unha obriga legal de interese público, a reposición adecuada do terreo afectado. Deben executarse de forma paulatina e contar con garantía económica. Por tanto, o previsible é que o único límite aplicable sexa o relativo aos datos persoais, que posiblemente non existan, pero que en calquera caso poderían dissociarse.

Os informes ambientais sobre as labores de restauración e o cumprimento do plan son elaborados pola administración en cumprimento das súas funcións, polo que se caracterizan polo seu interese público. Estarían afectados polos límites legais en materia de transparencia so se recolleran datos persoais, que en calquera caso poden ser dissociados.

En conclusión, toda a información reclamada encaixa no amplo concepto de información pública previsto na normativa aplicable. Porén, respecto dos proxectos de explotación da explotación e os planos anuais de labores, a administración competente, que ata o momento non resolveu, debe avaliar se pode prexudicarse algún dos límites de acceso que sexa aplicable ao caso concreto. Esa posible aplicación non debe facerse de forma xeral ou automática, senón so despois da labor de análise esixida pola lei. Os plans de restauración son de interese público e polo tanto o seu acceso tamén, polo único límite previsible é o relativo aos datos persoais, que poden dissociarse. E os informes ambientais son documentos propiamente administrativos que en principio non recollen datos persoais e que no caso de telos poden dissociarse.

As dúas primeiras peticións deben ser materializadas, posto que trátase de información pública, aínda que previamente a administración debe responder de forma adecuada ao pedido e avaliar a aplicación dos límites legais a transparencia, especialmente o previsto no art. 14.1.j). E no relativo as outras dúas peticións debe proporcionar a información solicitada, sendo a única limitación aplicable á relativa á protección dos datos persoais, no caso de contelos, o que se solucionaría coa súa disociación.

A resposta pendente debe ser obxecto das posibles impugnacións ordinarias, polo que debe conter o ofrecemento dos recursos, entre eles o recurso substitutivo ante a Comisión da Transparencia.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación presunta da súa solicitude dirixida ao xefe do servizo de enerxía e minas de Lugo

(Consellería de Economía, Emprego e Industria) coas cautelas indicadas nos fundamentos xurídicos e as propias da existencia de terceiros debidamente identificados.

Segundo: Instar á consellería a que no prazo máximo de 15 días hábiles responda á petición de información solicitada na forma indicada no fundamento 5º.

Terceiro: Instar á consellería a que no prazo máximo de 15 días hábiles remita a esta Comisión da Transparencia copia do resolto e da información enviada.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga